

Convento Franciscano de Santo Antonio de Herbón



Imaxe: José Alberto Solla Barreiro

Descrición

O conxunto comprende unha vasta finca á beira do [río Ulla](#), abrangendo a igrexa e o edificio conventual, que rodean o claustro e un patio menor, máis unha carballeira. Fora dos muros da finca, a horta, vinculada cunha rampla e escalinata.

A nivel arquitectónico destaca o claustro, a dependencia do Arcebispo, a [Fonte de Santo Antonio](#), así como o fermoso retablo autoría de Jacinto Barrios (1708), con obras de Benito Collazo, José Gambino, José Ferreiro, escultores do século XVIII, e Ponte, do século XX.

O edificio conventual é de estilo barroco. Ten unha planta irregular formada pola unión de corpos que rodean ao claustro e ao patio de mortos. As construcións son heteroxéneas, destacando a portería, con soportal de tres arcos, de grande relevo. As construcións resólvense en perpiaños de granito e cantaría rústica.

O claustro é do século XIII, de estilo barroco. A planta é cadrada de perpiaños de granito. Está formado por dous corredores, o inferior con arcos de medio punto sobre estes

cadrados, con afondados, basa e capitel. O superior, pechado, con fiestras de oco sen encerrar.

Foi fundado en 1396 grazas ás doazóns de Fernando Bermúdez de Castro e aos cóngos de Iria Flavia. Nesta primeira etapa, 1396-1701, destaca a figura do monxe Juan Rodríguez de Padrón ou de la Cámara. Desde 1701 a 1835 foi colexio de misioneiros que exerceron en Chile, México, Perú e Venezuela. En 1808 foi saqueado polas tropas francesas. En 1809 converteuse en cárcere para os liberais. Entre 1845 e 1865 é administrado polo Concello de Padrón. De 1865 a 1884 foi seminario menor rexido polo Arcebispo de Santiago. De 1931 a 1995 foi convento e colexio, entrando en decadencia vocacional a partires de entón. Destacar tamén que nel viviu o poeta medieval Juan Rodríguez de Padrón.

O Convento de Santo Antonio de Herbón é o punto orixinario de onde saíron un dos recursos máis prezados de Padrón, os pementos de Herbón, traídos desde América por un dos franciscanos que percorreu aquelas terras no século XVI-XVII.


Unha palmeira datileira (*Phoenix dactylifera*), que medra nos xardíns do convento, está incluída no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras co código 66A. Segundo se cita nalgún documento antigo, esta palmeira segue a tradición iniciada no século XV por Juan Rodríguez de Padrón. Destaca tamén unha grande masa de árbores frondosas, principalmente carballos (*Quercus robur*) e sobreiras (*Quercus suber*), que medra perimetralmente á propiedade.

INFORMACIÓN	
TIPOLOXÍA	Arqueoloxía relixiosa
CRONOLOXÍA	1396
CONCELLO	Padrón
PARROQUIA	Santa María de Herbón
REFERENCIAS	<p>Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Padrón, aprobado o 27 de xullo de 1994.</p> <p>Guía de árbores senlleiras de Padrón http://padron.gal/images/Descargas/Guia-de-rboles-das-Senlleiras-Padrn.pdf</p> <p>Urbipedia https://www.urbipedia.org/hoja/Convento_de_Herb%C3%B3n</p>

XEOLOCALIZACIÓN

COORDENADAS

42.732722060595 , -8.6309528694136



* Información obtida da páxina web obaixoulla.gal. Xeolocalización a partir da información de mapas.xunta.gal.